



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 21 DE SETEMBRO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey</p>	<p><b>Interventor acctal.:</b> D. Jorge González Mariño</p> <p><b>Secretario Xeral</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de setembro do dous mil dezasete, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 20 de xullo de 2017 e 27 de xullo de 2017.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 19/09/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2017 – 000035
Importe total	419.208,12 €
Número de facturas	205
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33228537T
Importe	17,10 €
Última factura	
Emisor (Cif)	S1517002J
Importe	92,56 €

### B) PROPOSTAS DE GASTO.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	14/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Billetes de avión para viaxar a Tenerife a Coral Polifónica Municipal, co motivo da invitación do Concello de Adeje para participar nos actos da celebración das Festas Patronais da Vila de Adeje entre os días 4 e 11 de outubro de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VIAJES FONTAO TRAVEL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VIAJES FONTAO TRAVEL, S.L.		
NIF/CIF:	B15632417		
Importe (IVE incluído):	4.986,80 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	14/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	3 noites de hotel para a Coral Polifónica Municipal, co motivo da invitación do Concello de Adeje para participar nos actos da celebración das Festas Patronais da Vila de Adeje entre os días 4 e 11 de outubro de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TURÍSTICA KONRAD, S.L. (HOVIMA JARDÍN CALETA)
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TURÍSTICA KONRAD, S.L. (HOVIMA JARDÍN CALETA)		
NIF/CIF:	B38333985		
Importe (IVE incluído):	4.029,00 €		
Observacións:			





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA

(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	14/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de transporte de ida e volta ao aeroporto de Santiago para a Coral Polifónica Municipal, co motivo da invitación do Concello de Adeje para participar nos actos da celebración das Festas Patronais da Vila de Adeje entre os días 4 e 11 de outubro de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	A.SARASQUETE E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15020308		
Importe (IVE incluído):	396,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	19/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora do Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de Lasur e parafusos para o taller de carpintería do Obradoiro de Emprego Tahume IV		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- PORTOFERR, S.L. - FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PORTOFERR, S.L.		
NIF/CIF:	B15775299		
Importe (IVE incluído):	512,03 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	19/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora do Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 16 taboleiros fenólicos para os carteis corporativos do Obradoiro de Emprego Tahume IV		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - COMERCIAL MALLO AREA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE incluído):	808,86 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	19/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora do Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de 3 desbrozaduras durante nove meses para		





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		especialidade forestal do Obradoiro de Emprego Tahume IV	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- COMERCIAL DUARTE, S.A. - BARRAL HERMANOS, S.L.
Informe:	Directora do Obradoiro de Emprego Tahume IV-Sandra Pérez González (18/09/17)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	COMERCIAL DUARTE, S.A.		
NIF/CIF:	A15204449		
Importe (IVE incluído):	2.100,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	18/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de xenerador GH 9000T Honda GX 390 para o departamento de mantemento		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- HIDRÁULICA MARIÑO, S.L. - BARRAL HERMANOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HIDRÁULICA MARIÑO, S.L.		
NIF/CIF:	B15122344		
Importe (IVE incluído):	1.318,90 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	06/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Sanidade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de Auto-taxi para o acompañamento de pacientes do Servizo de Drogodependencias ao Hospital Clínico de Santiago de Compostela desde setembro a decembro de 2017 (12 viaxes)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	AGUSTÍN M. RIVAS ARGIBAY
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	AGUSTÍN M. RIVAS ARGIBAY		
NIF/CIF:	52452802Z		
Importe (IVE incluído):	720,01 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	13/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 30 bandexas de Sargadelos con estuche e personalizadas co escudo do concello para a súa utilización como obsequios institucionais por parte da Alcaldía		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JELOAL, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JELOAL, S.A.		






NIF/CIF:	A15085434
Importe (IVE incluído):	795,01 €
Observacións:	

Nº Proposta	10	Data	19/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización de ovariectomías en gatas de colonias do casco urbano de Riveira		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SERVICIOS VETERINARIOS SANTA UXÍA, S.L. - CLÍNICA VETERINARIA MASCOTAS - CLÍNICA VETERINARIA BOSCO, S.L.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SERVICIOS VETERINARIOS SANTA UXÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B15670466		
Importe (IVE incluído):	1.000,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	19/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 70 cartelas, 140 carteis (70+70) con reparto e colocación, 300 convites (150+150), 2 lonas (1+1), 2 vinilos de corte (1+1) e 800 dípticos (400+400), co motivo da celebración das exposicións "Un modo de sentir a realidade" e "Diversidade", no C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - DOSTEX, S.L. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - MARÍA MARTÍNEZ VILAR
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE incluído):	646,55 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	19/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal (Obras) Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Control de calidade externo para a obra "Renovación de servicios y pavimentación de la Rúa Pinisqueira (Aguíño)"		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- 3C CALIDAD Y CONTROL, S. COOP. GALEGA - ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	3C CALIDAD Y CONTROL, S. COOP. GALEGA		
NIF/CIF:	F70380167		
Importe (IVE incluído):	3.302,09 €		





<b>Observacións:</b>			
<b>Nº Proposta</b>	<b>13</b>	<b>Data</b>	<b>19/09/2017</b>
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Enxeñeira Municipal (Obras) Uxía Landeira Pereira		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Control de calidade externo para a obra "Instalación rede de saneamento e reposición de pavimentos no lugar de Bretal (Olveira)"		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	<b>2</b>	<b>Provedores</b>	- 3C CALIDAD Y CONTROL, S. COOP. GALEGA - ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>3C CALIDAD Y CONTROL, S. COOP. GALEGA</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	F70380167		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	<b>5.085,87 €</b>		
<b>Observacións:</b>			

### III.- CONTRATACIÓN.

#### **1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "MELLORAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS (PECHE DO CAMPO DE FÚTBOL DE OLEIROS; IMPERMEABILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DE ARTES; E PINTADO DA PISTA DE ATLETISMO DE A FIEITEIRA)".**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de "Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes; e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)".

O investimento foi incluído no "Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 30.225,45 euros (orzamento base: 24.979,71 euros; IVE 21%: 5.245,74 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2017, no que manifesta que os





terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a terreos de titularidade municipal (equipamentos deportivos); que se integran, en parte dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e en parte dentro dun ámbito de solo rústico, como no caso de Oleiros, pero coa cualificación de dotacional público; que a natureza das obras axústase ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que non se precisa de autorización sectorial ningunha.

- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/02/2017, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 10/02/2017, no que manifestan que as tres instalacións son de uso público e de titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- 5.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 6.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 7.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 8.- Documento contable "RC" expedido polo interventor en funcións Jorge González Mariño na data 19/09/2017 (número de operación 2017 22016235), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 342.619.02.





- 9.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 10.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 20/09/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 11.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor en funcións Jorge González Mariño na data 20/09/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “Melloras en instalacións deportivas municipais (peche do campo de fútbol de Oleiros; impermeabilización do polideportivo de Artes; e pintado da pista de atletismo de A Fieiteira)”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 30.225,45 euros (orzamento base: 24.979,71 euros; IVE 21%: 5.245,74 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

**SEGUNDO**.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**TERCEIRO**.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.619.02.

**CUARTO**.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**QUINTO**.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase







no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.


**2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DO PARQUE INFANTIL E CONSTRUCIÓN DE PARQUE BIOSAUDABLE NO LUGAR DE MUÍÑOS (OLEIROS)”.**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muíños (Oleiros)”.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 12.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 70.615,55 euros (orzamento base: 58.359,96 euros; IVE 21%: 12.255,59 euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses.
- 13.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 03/02/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a terreos de titularidade municipal; que se integran dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, estando cualificado o ámbito como equipamento municipal; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que non se precisa de autorización sectorial ningunha.
- 14.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/02/2017, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanciedade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia.





adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.

- 15.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 10/02/2017, no que manifestan que o proxecto mencionado afecta a un espazo público situado no lugar de Muíños, na parroquia de Oleiros, sendo de uso público e titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- 16.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 17.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 18.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 19.- Documento contable "RC" expedido polo interventor en funcións Jorge González Mariño na data 19/09/2017 (número de operación 2017 22016234), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.57.
- 20.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 21.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 20/09/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 22.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor en funcións Jorge González Mariño na data 20/09/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,





polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de “Remodelación do parque infantil e construción de parque biosaudable no lugar de Muíños (Oleiros)”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 70.615,55 euros (orzamento base: 58.359,96 euros; IVE 21%: 12.255,59 euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**TERCEIRO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.619.57.

**CUARTO.-** Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

**QUINTO.-** Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **3.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN CARBALLAL E A GRAÑA**

Os camiños nos que centramos a actuación están moi deteriorados, con grandes irregularidades que supoñen un risco para os condutores, polo que é preciso reparar o seu firme mediante unha capa de aglomerado que permita mellorar a seguridade viaria dos mesmos.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data marzo/2017, redactou unha memoria valorada dos traballos a realizar, por un prezo total de licitación de 47.361,25 euros (Base: 39.141,53 euros; IVE 21%: 8.219,72 euros), e un prazo de execución de 1,5 meses.





Consta no expediente:

- 1) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 07/07/2017 (número de operación 2017 22010893), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61991.
- 2) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 3) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

*"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.*

*2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."*

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:



Licitador	Orzamento		Prezo total (incluído IVE 21%)
	Data	Número	
Canarga, S.L	13/09/2017	21700439	31.614,15 euros
Construcciones Ponciano Nieto, S.L	11/09/2017	-- --	31.831,49 euros
Nemesio Ordóñez, S.A	11/09/2017	-- --	34.488,46 euros

Vista a proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

**PRIMEIRO**- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data marzo/2017, para as obras de **Pavimentación de camiños en Carballal e A Graña**, por un prezo total de licitación de 47.361,25 euros (Base: 39.141,53 euros; IVE 21%: 8.219,72 euros), e un prazo de execución de 1,5 meses.

**SEGUNDO**.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

**TERCEIRO**.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61991.

**CUARTO**- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Pavimentación de camiños en Carballal e A Graña** á empresa "Canarga, S.L (NIF: B-15.360.902), no prezo total do contrato de 31.614,15 euros (Base: 26.127,40 euros; IVE 21%: 5.486,75 euros), segundo o seu orzamento número 21700439, da data 13/09/2017.

**QUINTO**.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

#### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 15/09/2017 "Decreto: Aprobación do proxecto das obras de "Melloras de seguridade viaria"".





#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **María Jesús Pena Veiga**, de datas 08/06/2017 e 07/07/2017 (Rexistros de entrada nº 9.722 e 11.803), nos que solicita licenza de obras para cambio de cuberta e reparación de fachadas de vivenda unifamiliar de planta baixa, planta primeira e baixocuberta, sita na Rúa Fontesecca, Castiñeiras, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019008680000KO.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 31/08/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** á Sra. Mª Jesús Pena Veiga **LICENZA DE OBRAS (Nº 50/17)** para **CAMBIO DE CUBERTA E REPARACIÓN DE FACHADAS DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E BAIXOCUBERTA** sita na Rúa Fontesecca, Castiñeiras, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A019008680000KO, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 5 de xullo de 2017 así como do Plano 06 modificado visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 9 de agosto de 2017 redactado polo Sr. Andrés Fernández Fuentes, arquitecto técnico (Col. 1.641):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexio Oficial correspondente.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*





- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*







- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Silvia Rivas Pazo**, de datas 19/06/2017 e 11/09/2017 (Rexistros de entrada nº 10.598 e 14.529), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e planta alta, no lugar de Lixó, Oleiros, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A029004230001LO.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 12/09/2017, no informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 14/09/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 14/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** á Sra. Silvia Rivas Pazo **LICENZA DE OBRAS (Nº 51/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANATA SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA** no lugar de Lixó, Oleiros, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A029004230001LO, nos termos do Proxecto Básico de xuño de 2017, do Informe xustificativo de cumprimento de normativa urbanística de setembro de 2017, así como dos Plano A3.1, Plano A3.2, Plano 1S1 de xuño de 2017 redactados pola Sra. por Mª Carmen Gago Fernández, arquitecta, (col. 2.498):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.***
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo dos vial, refléxase unha superficie de cesión en total de 47,00 m<sup>2</sup>), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 437,90 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***





- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**Cuarto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*






- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Quinto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





**Oitavo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Noveno.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**3.-** Vistos os escritos presentados por **José e Ricardo Mariño Basoco**, de datas 21/07/2017 e 26/07/2017 (Rexistros de entrada nº 12.567 e 12.601), nos que solicita licenza de obras para construción de alpendre para destinalo a garda de maquinaria agrícola, no lugar Lugar de Lixo da Silveira, A Carballa, Palmeira, Riveira en parcela resultante da copia simple de agrupación das fincas coas ref<sup>as</sup> catastrais 15074A036004490000KK e 15071A0036004500000KM otorgado ante a notario Sra.Covadonga Vázquez López na data 7 de setembro de 2017.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 11/08/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** aos Sres. José e Ricardo Mariño Basoco **LICENZA DE OBRAS (Nº 52/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE PARA DESTINALO A GARDAS DE MAQUINARIA AGRÍCOLA** no lugar de Lixo da Silveira, A Carballa, Palmeira, Riveira en parcela resultante da copia simple de agrupación das fincas coas ref<sup>as</sup> catastrais 15074A036004490000KK e 15071A0036004500000KM otorgado ante a notario Sra.Covadonga Vázquez López na data 7 de setembro de 2017, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Aparelladores






Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 21 de xullo de 2017 redactado polo Sr. Emilio José Domínguez Rodríguez, arquitecto técnico (Col. 2.633) así como Memoria agronómica de nave para almacén de maquinaria agrícola visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas visado nº 452/17 redactado polo Sr.F. Javier García Fernández, enxeñeiro agrícola e rural (Col. 1.175):

- *Deberá adecuarse integramente ao disposto polo artigo 39 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e fárase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde,** , visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Terceiro.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica.*






*aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Cuarto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Quinto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





**Sexto.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Oitavo.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

4.- Visto o escrito presentado por **Manuel Antonio Piñeiro Fernández**, de data 04/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.192), no que achega Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 7 de agosto de 2017 así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na data 7 de agosto de 2017, para engadir a expedientes de licenzas de obras nº 41 e 42/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesús García Ramos**, de data 11/09/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, **José Martínez de Llano Orosa**, de data 13/09/2017, por unanimidade dos presentes,  
**ACORDA:**

**PRESTAR CONFORMIDADE** a nova documentación aportada ao expediente da **LICENZA DE OBRAS Nº 41/17** para **DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** así como da **LICENZA DE OBRAS Nº 42/17** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXOCUBERTA** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data en sesión de data 31 de agosto de





2017 a Sra. Vicente Vidal Teira e Sr. Manuel Antonio Piñeiro Fernández, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 7 de agosto de 2017 redactado polo arquitecto Sr. Manuel Peleteiro Bandín así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia na data 7 de agosto de 2017:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio da obra **Oficio de Execución Material e Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

5.- Visto o escrito presentado por Carmen María Pérez Pérez en representación de **Alberto Gil Dios**, de data 20/07/2017 (Rexistro de entrada nº 12.508), no que achega Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2017 así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de xullo de 2017; para engadir a expediente de licenza de obra nº 30/17.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 14/09/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 15/09/2017, por unanimidade dos presentes,  
**ACORDA:**

**PRESTAR CONFORMIDADE** a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 30/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29 de xuño de 2017 a Sr. Alberto Gil Dios, consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2017 así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de agosto de 2017, Oficio de Execución Material visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 31 de xullo de 2017.

#### VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por Manuel Santiago Bermúdez en representación de **Petroprix Energía, S.L.**, de data 28/04/2017 (Rexistros de entrada nº 6.949 e 6.953), nos que solicita información urbanística e informe de







compatibilidade para a implantación dunha unidade de subministración de combustible no Polígono Industrial de Xarás, polígono 938, parcela 1153.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 24/05/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencia catastral Nº 15074A938011530000UR  
Categoría do solo: Urbano Ordenanza PP Xarás

Solicítase informe sobre a compatibilidade urbanística dunha instalación dedicada á subministración de combustible en Xarás, según se describe na memoria técnica asinada por Manuel Santiago Bermúdez.

Analizada a mesma, infórmase que a instalación proxectada é compatible coa normativa de aplicación, sen prexuízo da posterior xustificación do cumprimento da totalidade dos requisitos para a súa autorización.

**2.-** Visto o escrito presentado por Rosa Torrado García en representación de **Alejandro Argibay Suárez**, de data 10/07/2017 (Rexistro de entrada nº 11.873), no que solicita certificación de finca rústica situada en Oleiros.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 14/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Referencia catastral Nº 15074A032000710000KD

Solicítase informe sobre si a finca arriba indicada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico Protección, polo que se pode afirmar que cumpre co citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

**3.-** Visto o escrito presentado por **Flor González Sampedro**, de data 13/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.669), no que solicita información urbanística sobre natureza rústica de parcela "Tras do Grou" en Oleiros.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Referencia catastral Nº 15074A032002600000KK

Solicítase informe sobre si a finca arriba indicada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).





No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico Protección, polo que se pode afirmar que cumpre co citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

4.- Visto o escrito presentado por **Luis Manuel Martínez Martínez**, de data 13/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.670), no que solicita información urbanística sobre natureza rústica de parcela sita en Muíños, Oleiros.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 18/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Referencia catastral Nº 15074A032002820001LW

Solicítase informe sobre si a finca arriba indicada está incluída dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).

No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, a finca está clasificada como Solo Rústico e Solo de Núcleo Rural, polo que non se pode afirmar que a totalidade da parcela cumpre o citado artigo da Lei do Solo de Galicia.

#### IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


#### X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

1.- Visto o escrito presentado por **María Teresa Piferrer Álvarez Pardiñas**, de data 11/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.509), no que solicita certificación de innecesiedade de licenza de segregación de parcelas situadas en Rúa de Galicia, Vilar, Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico favorable emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 14/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Referencias catastrais nº: 15074A007005130000KI e 15074A036012490000KG

Estudiada a documentación aportada se pode comprobar que as dúas parcelas cuxas referencias catastrais son 15074 A 007005130000KI e 15074 A 036012490000KG están realmente separadas ou partidas pola estrada. Consultados os documentos do ano 1956 do arquivo municipal se comproba que os colindantes coinciden cos actuais excepto no Oeste, o que pudo ser debido a un cambio de





propietario e que a diferenza entre as superficies declarada en nota simple informativa e no catastro antigo do ano 1956 é de 3,3 %, o que é habitual en casos semellantes e polo tanto compatible.

Das comprobacións realizadas pode concluírse que existen suficientes indicios para **informar favorablemente** o solicitado.

## **2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - JOSÉ MANUEL DIOS TEIRA.**

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira e Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.*

*SITUACIÓN: Rúa Fafián nº 19, Riveira.*

*REFª CATASTRAL: 0611520NH0101S0000MZ.*

*FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, que de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 2.529,00 m<sup>2</sup> parte da mesma en Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira (1.087,00 m<sup>2</sup>) e parte en Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada (1.442,00 m<sup>2</sup>) que linda: Norte rúa fafián, finca con refª catastral nº 0611504NH0101S e finca con refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S, finca con refª catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.*

*FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:*

*FINCA A cunha superficie bruta de 1.087,00 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 261,00 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 826,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte rúa Fafián e finca con refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S.*

*FINCA B cunha superficie bruta de 1.442,00 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 8,00 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 1.450,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca A resultante da segregación e finca con refª catastral nº 0611504NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.*

*SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m<sup>2</sup>.*

*PROMOTOR/A: Sr. José Manuel Dios Teira.*

*AUTOR/A PROXECTO: Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470).*

*PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 / Escritura de Propiedade.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** Polo Sr. José Manuel Dios Teira, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.282), licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, sita na Rúa Fafián nº 19, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de





xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), así como Escritura de propiedade.

**Segundo.-** No caso que nos ocupa o Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos analiza en sentido favorable o axuste da segregación pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal, ademais, considerando que na Fincas resultantes, levántanse edificacións, constátase que ao respetarse a ocupación e edificabilidade máximas posibles correspondentes ao tipo de solo no que se encadra, cúmplase a relación entre superficie de parcela e superficie edificable, polo emite informe favorable na data 28 de xullo de 2017 co seguinte tenor literal:

“  
(...)

INFORME URBANÍSTICO

ASUNTO	SEGREGACIÓN	
PROMOTOR	JOSÉ MANUEL DIOS TEIRA	
LOCALIZACIÓN	Rúa Fafian, 19-Santa Uxia	
CATEGORÍA SUELO	URBANO 6.2 y URBANO 6.3	
MEDICIÓN FINCA MATRIZ {m2}	2529	
MEDICIÓN FINCAS RESULTANTES {m2}	1087-1442	
	Nº registro general	12282/2017
	Nº registro obras	370/2017

El objetivo de este informe es la comprobación de que la solicitud para segregación de parcelas presentada por el Promotor contenga los requisitos de la legislación vigente, los datos y documentos apropiados y que el proyecto técnico se ajuste al ordenamiento urbanístico vigente.

Se solicita licencia para la segregación de una parcela situada en Fafian-Riveira con referencia catastral 0611520NH0101S0000MZ de 2529 m2 de superficie resultando dos parcelas de 1087 y 1442 m2 respectivamente.

Según el Art. 355 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia “Supuestos específicos” la solicitud de licencia de parcelación deberá adjuntar un proyecto de parcelación suscrito por técnico competente.

Se presenta proyecto de segregación firmado por Domingo Vidal Alvarez-Arquitecto Técnico de fecha Julio 2017.

LEGISLACIÓN APLICADA

- Ley 2/2016 de 10 de Febrero, del suelo de Galicia.

Artigo 148. Parcelacións urbanísticas


Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Artigo 150. Réxime de parcelacións e divisións de terreos

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exhibible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo.

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior.





4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.
5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das alifiancións establecidas polo planeamento.
6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:
- A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
  - A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
  - O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.
7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

*Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia.*

**Artículo 353 Solicitud**

- La solicitud de licencia urbanística municipal será presentada por la persona promotora de los actos de edificación y de uso del suelo o del subsuelo que se pretendan realizar con anterioridad al inicio de los mismos, ante el ayuntamiento en cuyo término municipal se vayan a desarrollar.
- La solicitud de licencia contendrá los siguientes datos y documentos:
  - Datos identificativos de la persona física o jurídica promotora y, en su caso, de quien la represente, así como una dirección al efecto de notificaciones.
  - Descripción suficiente de las características del acto de que se trate, que detalle los aspectos básicos del mismo, su localización y la edificación o inmueble al que afecte, así como la referencia catastral del mismo.
  - Justificante de pago de los tributos municipales.

**Art. 355-Supuestos específicos.**

2- La solicitud de licencia de parcelación deberá adjuntar un proyecto de parcelación suscrito por técnico competente que incluirá:

Memoria justificativa que comprenderá la finalidad o el uso a que se pretendan destinar los lotes propuestos y su adecuación al planeamiento urbanístico aplicable y al régimen legal de formación de parcelas y fincas.

Proforma del documento público o privado en que se refleje la división de terrenos o la operación jurídica asimilada que se solicite.

Plano de situación de la finca que se pretenda dividir con indicación de su referencia registral y catastral.

Plano parcelario de la finca mencionada a escala idónea y con base cartográfica topográfica, representativo de los lotes propuestos.

Superposición del plano parcelario sobre un plano de calificaciones urbanísticas.


Fichas descriptivas de los lotes resultantes, incluidas las relativas a los terrenos destinados a sistemas urbanísticos que se tengan que ceder, si procede. Las fichas tendrán que especificar los límites, cabida y calificación urbanística de cada lote así como su calidad de indivisible, si procede.

**CONDICIONES GENERALES**

En suelo clasificado por el PXOM como URBANO se podrán autorizar segregaciones de parcela según las condiciones establecidas en la normativa de aplicación.

**ANALISIS DE LA SOLICITUD**

COMPROBACIONES	
SOLICITUD	
Datos identificativos de la persona física o jurídica promotora y, en su caso, de quien la represente, así como una dirección al efecto de notificaciones	CUMPLE
Datos identificativos de la parcela y referencia catastral	CUMPLE
Justificante de pago de los tributos municipales	CUMPLE
PROYECTO TECNICO	
Memoria justificativa que comprenderá la finalidad o el uso a que se pretendan destinar los lotes propuestos y su adecuación al planeamiento urbanístico aplicable y al régimen legal de formación de parcelas y fincas	CUMPLE
Proforma del documento público o privado en que se refleje la división de terrenos o la	





operación jurídica asimilada que se solicite	
Plano de situación de la finca que se pretenda dividir con indicación de su referencia registral y catastral	CUMPLE
Plano parcelario de la finca mencionada a escala idónea y con base cartográfica topográfica, representativo de los lotes propuestos	CUMPLE
Superposición del plano parcelario sobre un plano de calificaciones urbanísticas	CUMPLE
Fichas descriptivas de los lotes resultantes, incluidas las relativas a los terrenos destinados a sistemas urbanísticos que se tengan que ceder, si procede. Las fichas tendrán que especificar los límites, cabida y calificación urbanística de cada lote así como su calidad de indivisible, si procede	CUMPLE

PARCELAS RESULTANTES	SUPERFICIE NETA (m <sup>2</sup> )	CLASIFICACIÓN	LINDEROS
A	826,00	URBANO 6.2	Norte: Rúa Fafian y finca 0611505NH0101S Sur: Parcela B Este: Finca 0611518NH0101S Oeste: finca 0611505NH0101S
B	1434,00	URBANO 6.3 A	Norte: Parcela A y 0611504NH0101S Sur: Vial asfaltado y finca 001101600NH01A Este: 0611518NH0101S y 001101600NH01A Oeste: Finca 15074A017

#### CONCLUSIÓN

Se informa favorablemente. Se establece una cesión a uso y dominio público de 269,00 m2 correspondiente a la parte de parcela afectada por alineación según documento adjunto.

*Riveira, a viernes, 28 de julio de 2017*

Fdo. Jesús García Ramos  
Aparejador Municipal

(...)

”

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA SOLO URBANO CONSOLIDADO** e **ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

**Segundo.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.





A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470, así como Escritura de propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Cuarto.-** O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

**Quinto.-** O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

**Sexto.-** O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.





En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

**Sétimo.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).


Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.







h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.

i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**Oitavo.-** Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

**Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico**

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.


No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

**Noveno.-** O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a





correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).


8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicarase o disposto na lexislación estatal vixente.

**Décimo.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**Decimoprimeiro.-** Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

**Decimosegundo.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 28 de xullo de 2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 08/09/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





**Primeiro.- CONCEDER** ao Sr. José Manuel Dios Teira a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 7/17)** con refª catastral nº 0611520NH0101S0000MZ, sita na Rúa Fafián nº 19, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xullo de 2017 redactado por Sr. Domingo J. Vidal Álvarez, enxeñeiro da edificación e arquitecto técnico (col.1.470), así como Escritura de propiedade:

- **FINCA A** cunha superficie bruta de 1.087,00 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 261,00 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 826,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte rúa Fafián e finca con refª catastral nº 0611505NH0101S; Sur finca B resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S; Oeste finca con refª catastral nº 0611505NH0101S.
- **FINCA B** cunha superficie bruta de 1.442,00 m<sup>2</sup>, unha superficie de cesión de 8,00 m<sup>2</sup> resultando unha unha superficie neta de 1.450,00 m<sup>2</sup>, que linda: Norte finca A resultante da segregación e finca con refª catastral nº 0611504NH0101S; Sur vial asfaltado e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Este finca con refª catastral nº 0611518NH0101S e finca con refª catastral nº 001101600NH01A; Oeste finca con refª catastral nº 15074A01700718 e finca con refª catastral nº 001101600NH01A.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m<sup>2</sup>.

**Segundo.-** En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 269,00 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A unha superficie de cesión de 261,00 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Finca B unha superficie de cesión de 8,00 m<sup>2</sup>.

Asimismo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

**Terceiro.-** O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración





municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

**Cuarto.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XII.- VAOS PERMANENTES.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe presentado polo Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA), de data 08/09/2017 (Rexistrado de entrada en data 15/09/2017 co nº 14.785), relativo a denuncia voluntaria anónima por tenencia e exhibición dun menhir en Bretal – Olveira.

2.- Visto o escrito presentado por José Bretal Paz, de data 11/09/2017 (Rexistro de entrada nº 2.298), no que solicita a instalación dun espello vial para acceder á estrada CP-7302 desde o seu domicilio sito no lugar de Vilar, 45 (Carreira).





**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 15/09/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a.- Autorizar a instalación dun espello vial para acceder á estrada CP-7302 desde o seu domicilio sito no lugar de Vilar, 45 (Carreira), e en concreto no lugar sinalado no citado informe policial.

b.- Deberá ser o solicitante (José Bretal Paz) o que deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento, debido a que, según o informe policial "(...) de la utilidad de este espejo sólo se beneficiarán los veninos que salen del camino de titularidad y uso privado" y, así mesmo, a súa instalación será a cargo dos operarios municipais, e sen custo por parte do solicitante.

**3.-** Visto o escrito presentado por **Miguel A. Rodríguez Bello**, de data 13/09/2017 (Rexistro de entrada P.L. nº 2.323), no que solicita a habilitación dunha zona de estacionamento "express" na Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, para que podan facer uso del os clientes do Hotel Áncora para "descargar ou cargar a súa equipaxe ou deixar ás súas familias ou facer reservas...".

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 13/09/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


Autorizar a habilitación dunha zona de estacionamento sinalada como "zona azul" con limitación horaria de 15' na Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, e según o sinalado no citado informe policial.

**4.-** Visto o escrito presentado por **María Dolores Setén Gómez**, de data 31/08/2017 (Rexistro de entrada P.L. nº 2.200/17 de data 01/09/2017), no que solicita que se axuste a 8 metros a liña vial amarela vinculada ao vao permanente nº 18/14 sito na Rúa Praia da Ribeira, nº 29 (Aguíño), que na actualidade é de 11 metros.

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 06/09/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar o axuste a 8 metros da marca vial amarela vinculada ao vao permanente nº 18/14 sito na Rúa Praia da Ribeira, nº 29 (Aguíño), según o sinalado no citado informe policial.

**5.-** Visto o escrito remitido pola **Valedora do Pobo**, de data 14/09/2017, no que solicita remisión de informe relativo á queixa presentada pola publicación por





parte da Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna dun folleto titulado “La Vos de Jalisia”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á remisión á Valedora do Pobo dunha copia do “Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a A.C. Real e Ilustre Cofradía da Dorna para a organización da Festa da Dorna 2017”, asinado en data 20/07/2017.

### SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2017-2018

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 20/09/2017, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2017-2018

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

#### Destino Santiago de Compostela

Argibay Suárez, Manuel	53489254V
Arnosó Martínez, Felipe	53799390K
Ayaso Fernández, Héctor	53488787X
Brión Rodríguez, David	53796258V
Cadorniga Miranda, Daniel	53798636A
Cores Piñeiro, Noelia	53797739A
Domínguez Rodríguez, Moisés	53797685H
Fernández Crujeiras, Francisco	53489363B
Ferreiro Queiruga, Ángel Javier	53795504E
García Mariño, Rubén	53799570V
García Pérez, Pablo	53489297Z
García Sampedro, Dolores	52459692G
González Mariño, Andrea	53796644N
Guerra Rodríguez, Lucía	53799057X
Gutiérrez Borges, Miguel	53797743F
Martínez Lema, Valeria	53796635A
Mayo Olveira, Fátima	53488206G
Millán Lois, Teresa	53489319J
Pego Gómez, Sara	53487564Y
Pérez Queiruga, Paula	53795385H
Pérez Rial, Adrián	53798543W
Pérez Sampedro, Ana Belén	53798996H
Ramallo Gómez, David	53799699P





Ramallo Gómez, Juan Manuel	53799700D
Rañó Santamaría, Óscar	53798855S
Reiriz Barreiro, Francisco	53488755R
Reiriz Paz, Lara	53487557E
Rivas Pérez, Andrea	54225356G
Rodríguez Castro, Denís	54225083F
Sampedro Mariño, Irene	53796541R
Sampedro Pérez, Jessica	53489585A
Sanisidro Saiñas, Borja	53798517E
Santos Ruiz, Séfora	53489022S
Teira Pérez, Carlos	53797701B

**Destino Santiago - A Coruña**

Pérez Queiruga, Paula 53795385H

**Destino Pontevedra**

Álvarez Treus, Sara 53795759R  
Pérez Villar, Roque 53797388C

**Destino Vigo**

Argibay Romero, Daniel 54224556D  
Lijó Sieira, Antonio 53795757E  
Pouso Oujo, Patricia 53798063M

**Destino Lugo**

Sampedro Pérez, Jessica 53489585A

**RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE TERREOS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ” REALIZADA POR D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN CADAVAL SAMPEDRO E POLA ENTIDADE VILLAVAL INMOBILIARIA S.L.” EN FAVOR DO CONCELLO DE RIVEIRA.**

En relación ao asunto de referencia, e con base aos seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

1.- Mediante escrito de data 12/04/2017, D<sup>a</sup> María del Carmen Cadabal Sampedro, con DNI número 76.516.109-P, en calidade de representante legal e titora de D<sup>a</sup> María Sampedro Dios, promove ante o Decanato dos Xulgados de Primeira Instancia de Riveira, expediente de xurisdición voluntaria e solicita autorización xudicial para a cesión gratuíta ao Concello de Riveira dunha superficie de 191,78 metros cadrados, a segregar da parcela denominada “*REPESA GRANDE*” de referencia catastral 15074A008004460000KT, para a realización da obra “*Beirarrúas na rúa Alcalde Fernández Bermúdez*”.





2.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/04/2017 co número 6.515, D. Víctor Losada Valín, actuando en representación da entidade VILLAVAL INMOBILIARIA S.L., pon de manifesto a súa vontade de ceder gratuitamente ao Concello de Riveira o terreo necesario para a realización da obra antes citada, en concreto a superficie de 273 metros cadrados dunha parcela da súa propiedade coas referencias catastrais 15074A008004480000KM e 15074A008004470000KF.

3.- Na data 31/07/2017, o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Riveira, dita Auto no que autoriza a Dª María del Carmen Cadaval Sampredo, titora de Dª María Sampredo Dios, que proceda á cesión gratuíta ao Concello de Riveira dunha superficie de 191,78 metros cadrados a segregar da parcela denominada "REPESA GRANDE", con referencia catastral 15074A008004460000KT, propiedade de Dª María Sampredo Dios co destino mencionado no informe da enxeñeira municipal: realización de beirarrúas.

4.- Por Providencia da alcaldía de data 11/09/2017 ordénase dar traslado da referida Providencia aos departamentos de secretaría e obras públicas, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente para a aceptación da cesión de referencia.

5.- Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

a) Documentación das parcelas propiedade de VILLAVAL INMOBILIARIA S.L.:

- Consultas descritivas e gráficas dos datos catastrais dos inmobles.
- Copia simple de escritura de compravenda autorizada polo Notario D. Óscar Manuel López Doval na data 22/11/2001, co número 1.205 de protocolo.
- Copia simple de escritura de aumento de capital social autorizada polo Notario D. Óscar Manuel López Doval na data 22/11/2001, co número 1.206 de protocolo.
- Copia simple do informe pericial de levantamento topográfico de terreo situado en lugar de Fafián, realizado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Xerardo Santiago Tarrío Calvo, na data 10/07/2006.
- Plano de cesión, escala 1/400, realizado polo departamento de obras públicas do Concello de Riveira en abril 2017.

b) Documentación da finca propiedade de Dª María Sampredo Dios:

- Copia simple dos DNI de Dª María del Carmen Cadaval Sampredo e de Dª María Sampredo Dios.
- Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais do inmovle.
- Informe da enxeñeira municipal do 11/04/2017.
- Copia simple de escritura de compravenda autorizada polo Notario D. José Manuel Lois Puente, na data 16/09/1.992, co número 1.694 de protocolo.







- Copia simple da toma de posesión do cargo de titora de D<sup>a</sup> María del Carmen Cadaval Sampedro da declarada incapaz D<sup>a</sup> María Sampedro Dios, realizada na data 24/02/2015, no procedemento de incapacitación 292/2014 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Riveira.
- Auto 86/2017 ditado na data 31/07/2017 polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Riveira, polo que se autoriza a D<sup>a</sup> María del Carmen Cadaval Sampedro, titora de D<sup>a</sup> María Sampedro Dios, que proceda á cesión gratuíta ao Concello de Riveira dos terreos necesarios para a realización das beirarrúas.
- Plano de cesión, escalas 1/2.000 – 1/500, realizado polo departamento de obras públicas do Concello de Riveira en marzo de 2017.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE


- Artigo 3 e DF 2<sup>a</sup> da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Artigos 1.2.f), 9.1, 10 e 12 do Regulamento de Bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986.
- Artigos 618 e seguintes do Código Civil.
- Artigo 4.1 p) e DA 2<sup>a</sup> do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Conforme ao artigo 3 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico segundo a Disposición Final 2<sup>a</sup> da citada Lei e, por tanto, aplicable ás entidades locais, o patrimonio das Administracións Públicas está constituído polo conxunto dos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza e o título da súa adquisición ou aquel en virtude do cal lle fosen atribuídos.

**Segunda.-** O artigo 9.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), recoñece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 do RB atopamos a doazón, que se regula de xeito específico no artigo 12 do RB dispoñendo que: “1. A adquisición de bens a título gratuíta non estará suxeita a restrición algunha. 2. Non obstante, si a adquisición levara anexa algunha condición ou modalidade onerosa, só poderán aceptarse os bens previo expediente no que se acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire. 3. A aceptación de herdanzas entenderase a beneficio de inventario.”





**Terceira.-** O artigo 618 do Código Civil (norma do dereito privado á que cómpre acudir de conformidade cos artigos 1. 2 f) do RB e 4.1 p) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), define a doazón como o acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta. Igualmente o artigo 623 do Código Civil (no sucesivo CC) dispón que a doazón perfeccionase dende que o donante coñece a aceptación do donatario, o artigo 629 CC que a doazón non obriga ao donante, nin produce efecto, senón desde a aceptación e o artigo 630 que o donatario debe, so pena de nulidade, acepta-la doazón por si, ou por medio de persoa autorizada con poder especial para o caso, ou con poder xeral e bastante. Destes artigos extraese a conclusión da necesidade de acepta-la doazón e comunicalo á persoa doante.

**Cuarta.-** En canto á lexitimación, conforme ao artigo 624 CC, poderán facer doazón todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens e conforme ao artigo 625 CC poderán aceptar doazóns todos os que non estean especialmente incapacitados pola lei para elo.

**Quinta.-** Respecto á forma da doazón, o artigo 633 CC establece que para que sexa válida a doazón de cousa inmoble, farase en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens doados e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario. A aceptación poderá facerse na mesma escritura de doazón ou noutra separada; pero non surtirá efecto se non se fixese en vida do doante. Feita en escritura separada, deberá notificarse a aceptación en forma auténtica ao doante, e anotarase esta dilixencia en ambas escrituras.

**Sexta.-** A competencia para a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

**Sétima.-** A formalización do expediente requirirá, en todo caso:

- Comunicación do doante por escrito na que acredite a súa personalidade e capacidade de obrar, a súa vontade de doar, o poder outorgado si actúa mediante representación e a titularidade sobre o doado.
- Aceptación por parte do Concello mediante acordo do órgano competente.
- Notificación do acordo de aceptación ao doante.





- Elevación da doazón a escritura pública.

**Oitava.-** No presente caso, trátase da cesión gratuíta dos terreos para a realización da obra “Beirarrúas na rúa Alcalde Fernández Bermúdez”.


De conformidade coa documentación obrante no expediente os terreos cuxa cesión se pretende forman parte das fincas que se describen a continuación, polo que é necesario que polo órgano municipal competente se autorice unha previa segregación das parcelas:

- Parcela A:

- *Descrición: “Finca denominada “REPESA GRANDE”, no lugar de Fafián, parroquia e municipio de Riveira, dunha superficie de 806 metros cadrados, que linda: Norte, camiño de carro; Sur, José Paz Pozas, muro en medio; Este, estrada a Aguiño; e Oeste, camiño de carro.”*
- *Propietario: María Sampedro Dios, con DNI número 33.184.064-D.*
- *Título: Escritura de compravenda, autorizada polo Notario D. José Manuel Lois Ponte, na data 16/09/1.992, co número 1.694 de protocolo.*
- *Inscrición: Non consta a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*
- *Referencia Catastral: 15074A008004460000KT.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie a segregar: 191,78 m2.*

- Parcela B:

- *Descrición: “Casa composta de planta baixa e un piso, en total estado ruinoso, duns 58 metros cadrados por planta, que ten unido un anaco de terreo duns 1.300 metros cadrados, se ben, segundo a medición realizada na data 10/07/2006 polo enxeñeiro técnico agrícola Xerardo Santiago Tarrío Calvo, resulta dunha superficie de 1.522 metros cadrados, formando o conxunto unha soa finca, sinalada co número 86 da Rúa 9 de Agosto de 1.944, de Riveira, que linda: fronte, a rúa da súa situación; dereita entrando, de herdeiros de Rogelio Alonso; esquerda e costas, camiños.”*
- *Propietario: VILLAVAL INMOBILIARIA S.L., con C.I.F. B-15715519.*
- *Título: Escritura de aumento de capital social, autorizada polo Notario D. Óscar Manuel López Doval, na data 22/11/2001, co número 1.206 de protocolo.*
- *Inscrición: Non consta a súa inscrición no Rexistro da Propiedade.*





- *Referencia Catastral: 15074A008004470000KF e 15074A008004480000KM.*
- *Cargas: Non consta a súa existencia.*
- *Superficie a segregar: 273 m2, dos que 163 m2 se corresponden coa finca de referencia catastral 15074A008004470000KF e 74 m2 se corresponden coa finca de referencia catastral 15074A008004480000KM.*

Resulta, polo tanto, determinado o obxecto do contrato, así como a capacidade de obrar dos contratistas e as súas vontades de doar, acreditadas, estas últimas, nos escritos presentados, e a súa personalidade e capacidade de obrar na documentación que consta no expediente. A este respecto, cómpre facer fincapé que a propietaria da finca coa referencia catastral 15074A008004460000KT, D<sup>a</sup> María Sampedro Dios, foi declarada incapaz, sendo a súa titora legal a súa filla, D<sup>a</sup> María del Carmen Cadaval Sampedro, segundo consta no documento de toma de posesión como titora de data 24/02/2015, cuxa copia consta neste expediente administrativo. E, que, en cumprimento do artigo 271 do Código Civil, a Sra. Cadaval Sampedro solicitou autorización xudicial para dispoñer a título gratuito da superficie necesaria para a execución das beirarrúas, propiedade da tutelada, autorización que lle foi concedida mediante Auto ditado na data 31/07/2017 polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 2 de Riveira, que tamén consta neste expediente.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición do terreo a título gratuito, o artigo 12 do RB soamente esixe previo expediente para o caso de que a adquisición levase anexa algunha condición ou modalidade onerosa. Enténdese que non se considerará como un gravame, aos efectos do artigo 12.2 do RB, as inversións que teña que realizar o Concello para dar o destino de uso xeral ou servizo público ao ben que se adquire.

De conformidade coa DA 2<sup>a</sup> do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano competente para acordar a súa adquisición é o Alcalde, ao tratarse dunha adquisición gratuita, competencia que no Concello de Riveira está delegada na Xunta de Goberno Local, segundo Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local, asinado na data 01/07/2015.

O órgano competente para autorizar a segregación tamén é a Xunta de Goberno Local, segundo o Decreto de delegación de competencias antes referido.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.





Por elo, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 18/09/2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Primeiro.**- Autorizar as seguintes segregacións:

- A) Segregación da finca descrita como Parcela A na Consideración Xurídica Oitava nunha parcela independente que resulta coa descrición referida a continuación, co fin de agregala á rúa Alcalde Fernández Bermúdez para a execución da obra denominada: *“Beirarrúas na rúa Alcalde Fernández Bermúdez”*: *“Parcela na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, dunha superficie de 191,78 metros cadrados, que linda: Norte, camiño; Sur, parcela propiedade de Villaval Inmobiliaria S.L.; Este, rúa Alcalde Fernández Bermúdez; e Oeste, resto da finca matriz.”* Tras a segregación, a finca matriz diminúe a súa superficie en 191,78 metros cadrados, quedando unha finca de 614,22 metros cadrados.
- B) Segregación da finca descrita como Parcela B na Consideración Xurídica Oitava nunha parcela independente que resulta coa descrición referida a continuación, co fin de agregada á rúa Alcalde Fernández Bermúdez para a execución da obra denominada: *“Beirarrúas na rúa Alcalde Fernández Bermúdez”*: *“Parcela na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, dunha superficie de 273 metros cadrados (dos que 163 m<sup>2</sup> se corresponden coa finca de referencia catastral 15074A008004470000KF e 74 m<sup>2</sup> se corresponden coa finca de referencia catastral 15074A008004480000KM), que linda: Norte, parcela propiedade de María Sampedro Dios; Sur, camiño; Este, rúa Alcalde Fernández Bermúdez; e Oeste, resto da finca matriz.”* Tras a segregación, a finca matriz diminúe a súa superficie en 273 metros cadrados, quedando unha finca de 1.249 metros cadrados.

**Segundo.**- Aceptar as cesións gratuítas que fan ao Concello de Riveira D<sup>a</sup> María del Carmen Cadaval Sampedro e a entidade VILLAVAL INMOBILIARIA S.L., dos seus respectivos inmobles:

- *“Parcela na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, dunha superficie de 191,78 metros cadrados, que linda: Norte, camiño; Sur, parcela propiedade de Villaval Inmobiliaria S.L.; Este, rúa Alcalde Fernández Bermúdez; e Oeste, resto da finca matriz.”*
- *Parcela na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, dunha superficie de 273 metros cadrados (dos que 163 m<sup>2</sup> se corresponden coa finca de referencia catastral 15074A008004470000KF e 74 m<sup>2</sup> se corresponden coa finca de referencia catastral 15074A008004480000KM), que linda: Norte, parcela propiedade de María Sampedro Dios; Sur, camiño; Este, rúa Alcalde Fernández Bermúdez; e Oeste, resto da finca matriz.”*





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

As referidas parcelas agréganse á rúa Alcalde Fernández Bermúdez para a execución da obra denominada: "*Beirarrúas na rúa Alcalde Fernández Bermúdez*".

**Terceiro.-** Incorporar os bens adquiridos ao libro do Inventario Municipal, dentro do epígrafe que corresponda segundo a súa natureza.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para que en nome e representación do Concello subscriba a correspondente escritura pública.

**Quinto.-** Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta doazón.

**Sexto.-** Calquera cuestión litixiosa que poida xurdir que afecte á propiedade en si do ben, dilucidarase ante a xurisdición civil.

**Sétimo.-** Notificar o presente acordo aos donantes, agradecéndolle a doazón efectuada.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, vinte e un de setembro de 2017

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral



Juan Manuel Salguero del Valle